

-PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN NA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SERVIZOS CONSISTENTE NA EXPLOTACIÓN DO BAR E XESTIÓN DO CENTRO SOCIO – CULTURAL DE CEBREIRO - A FRANQUEIRA – A CAÑIZA (PONTEVEDRA)-

1. OBXECTO E CUALIFICACIÓN DO CONTRATO.

O presente prego ten por obxecto regular, como lei fundamental do contrato, as condicións da contratación da explotación do bar e xestión do Centro Socio - Cultural de Cebreiro, parroquia de Franqueira, deste termo municipal.

A prestación do servizo axustarase ás condicións indicadas neste Prego e no de prescricións técnicas, que forman parte integrante do mesmo.

Dito obxecto corresponde ó código 56.30.10-63400“Servizos de establecementos de bebidas” da nomenclatura da Clasificación de produtos por Actividades 2008 (CPA-2008), aprobada polo Regulamento (CE) nº 451/2008, del Parlamento Europeo e do Consello de 23 de abril de 2008; categoría 17 “Servicios de hostelería y restaurante”, con número 64 de referencia CPP, y números de referencia de 55000000-0 a 55524000-9, y de 93400000-2 a 93411000-2 del Reglamento (CE) 213/2008, por el que se modifica el Reglamento 2195/2002 del Parlamento Europeo y del Consejo que aprueba el Vocabulario común de contratos públicos (CPV), que entrará en vigor el 15 de septiembre de 2008

O contrato definido ten a clasificación de administrativo de servizos, tal e como establece o artigo 10 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

2. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER A TRAVÉS DO CONTRATO.

Mediante a execución do contrato ó que se refire este Prego de Cláusulas Administrativas Particulares satisfarase a seguinte necesidade **SERVIZOS CONSISTENTE NA EXPLOTACIÓN DO BAR E XESTIÓN DO CENTRO SOCIO – CULTURAL DE CEBREIRO - A FRANQUEIRA – A CAÑIZA (PONTEVEDRA)**que desenvolverá as funcións precisadas no prego de prescricións técnicas.

3. PRESUPUESTO DEL CONTRATO Y TIPO DE LICITACIÓN.

Dada a escasa rendabilidade do mantemento deste servizo e do prazo da duración do mesmo non se establece canon ningún ao pagar ao Concello, con excepción do que o licitador oferte como un dos criterios obxectivos da adxudicación.

4. SUBROGACIÓN DO PERSONAL.

No se prevé a subrogación do persoal.

5. CLASIFICACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO.

Non é esixible a clasificación de conformidade co establecido no artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

La duración del contrato será de **UN AÑO (1)**, con efectos desde el inicio de la prestación del servizo.

Non obstante, de acordo co establecido no artigo 303 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, preverase a posibilidade de prórroga do contrato, a petición do adxudicatario ou de oficio polo Concello, por un ano máis, e antes do final de prazo de duración daquel e sen que a duración total do contrato poda exceder do prazo de dous anos (2)

6. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO E DOCUMENTOS QUE TEÑEN CARÁCTER CONTRACTUAL.

Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das Corporacións Locais, o contrato rexerese polas seguintes normas:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Ademais do presente prego terán carácter contractual os seguintes documentos:

- O prego de prescricións técnicas
- O documento no que se formalice o contrato
- A oferta do adxudicatario

7. GARANTÍA PROVISIONAL E DEFINITIVA.

De acordo co disposto no artigo 103 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro de CSP non se esixe constitución de garantía provisional.

De conformidade con o establecido no artigo 95.1 do TRLCSP o adxudicatario queda dispensado da obriga de constiruir garantía definitiva, atendendo ás circunstancias deste contrato e dada a escasa rendabilidade económica do mesmo.

8. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro de CSP. Así mesmo, atendendo á especificidade do contrato, os/as adxudicatarios/as do contrato deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade e actividade garde relación co obxecto do contrato.

A proba, por parte dos empresarios, de non estar incursos en prohibicións para contratar, poderase realizar mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o dito documento non poda ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

9. PROCEDIMIENTO E FORMA DE ADJUDICACIÓN

A forma de adjudicación do contrato será o procedemento aberto, en que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición e no que quedará excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 157 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá atenderse os criterios de adjudicación, de conformidade co artigo 150.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, e coa cláusula décimo sétima deste prego.

10. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

A licitación do contrato virá precedida de tramitación e aprobación do correspondente expediente de contratación, de acordo co establecido no artigo 109 do TRLCSP.

11. PROPOSICIÓN, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

As propostas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (Rúa Oriente, 11, 36880, A Cañiza – Pontevedra) en horario de 09:00 a 14:00 horas durante o prazo indicado no anuncio de licitación (15 días naturais senón se prevé o contrario), que se publicará en cumprimento do sinalado no *artigo 93 do Real Decreto 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

As proposicións poderán presentarse por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando as proposicións sexan enviadas por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta o mesmo día mediante un télex, Fax ou telegrama que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do licitador.

A acreditación da recepción de dito télex, Fax ou telegrama efectuarase mediante unha dilixencia expedida o mesmo día polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ámbolos requisitos, non se admitirá a proposición se é recibida polo órgano de contratación despois da data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibira a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional decimosexta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se xa o fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional por parte do empresario das cláusulas do presente prego.

A documentación para as licitacións presentarse en sobres pechados, identificados, no seu exterior, con indicación da licitación á que concorran e firmados polo licitador ou a persoa que o

represente e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa. **No interior de ca sobre farase constar en folia independente o seu contido, enunciado numericamente.**

12. FORMA EN QUE DEBEN PRESENTARSE AS OFERTAS.

As ofertas presentaranse en dous sobres numerados correlativamente:

- **O SOBRE A).** En virtude do establecido no artigo 146.4 substituirase a achega inicial de documentación prevista no artigo 146.1 do TRLCSP por unha Declaración Responsable do licitador indicando que cumpre coas condicións establecidas legalmente para contratar pola administración, esta declaración presentarase no modelo que figura no Anexo I destes Pregos.

Este sobre levará por título **“Documentación persoal que se presenta para tomar parte na adxudicación polo procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, único criterio de adxudicación do contrato de SERVIZO DE EXPLOTACIÓN DO BAR E XESTIÓN DO CENTRO SOCIO – CULTURAL DE CEBREIRO - A FRANQUEIRA – A CAÑIZA (PONTEVEDRA)- , presentada por**”

De acordo co establecido no artigo 146.5 do TRLCSP o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa administración será o de finalización do prazo de finalización das proposicións.

O licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos e deberá presentar, de conformidade co artigo 146 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, a seguinte documentación, que deberá reunir os requisitos de autenticidade previstos nas Leis (non obstante o órgano de contratación poderá solicitar en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación que os licitadores aporten a citada documentación):

1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica:

Os empresarios individuais, copia auténtica do DNI/NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

Os empresarios persoas xurídicas, copia auténtica do CIF, copia auténtica do DNI/NIF da persoa que actúe en representación da empresa, a escritura ou os documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.

A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2º) Documentos acreditativos da representación:

Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen ou quen subscriban a proposición xunto cunha copia auténtica do documento nacional de Identidade dos apoderados. Os poderes poderán ser bastanteados polo Secretario da Corporación cando se proceda á apertura da documentación presentada se consta a documentación necesaria.

Así mesmo, deberá acompañar declaración responsable de que o poder outorgado permanece en vigor a efectos de tomar parte na licitación.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición a esixa o Regulamento do Rexistro Mercantil.

3º) Documento de compromiso de constituír, se é o caso, unha Unión Temporal de Empresas:

Nos casos en que varios empresarios concorran agrupados en unión Temporal acercarán ademais un documento, que poderá ser privado, no que, para o caso de resultar adxudicatarios, se comprometan a constituíla. Este documento deberá ir firmado polo representante de cada unha das empresas e nel expresarase a persoa a quen designan representante da UTE ante a administración a tódolos efectos relativos ó contrato, así como a participación que a cada un deles lles corresponda na UTE.

4º) Documentos acreditativos de atoparse ó corrente das obrigas tributarias fronte ó Estado e Comunidade Autónoma e fronte á Tesourería da Seguridade Social:

Certificacións de estar ó corrente do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Non será necesario presentar certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte ao Concello de Ponte Caldelas, polo que será solicitado de oficio ao ORAL.

5º) Acreditación de solvencia:

Nos contratos de servizos, a solvencia técnica ou profesional dos empresarios deberá apreciarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que deberá acreditarse, segundo o obxecto do contrato, por un ou varios dos medios seguintes:

a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados no últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado en que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo do devandito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade.

e) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

f) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

g) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante o tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

h) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

6º) Documentación adicional:

As empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato vaia a executarse en España, deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para tódolos incidentes que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ó licitante.

Se deberá presentar unha póliza de Responsabilidade civil (RC) con unha cobertura mínima de 30.000 €

7º) Habilitación profesional:

Presentarase a documentación acreditativa da habilitación empresarial ou profesional, cando resulten esixibles pola normativa vixente relativa ó servizo obxecto do contrato.

Se deberá presentar Alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe que lle faculte para contratar referida ó exercizo corrente o último recibo do mesmo, completado con una declaración responsable de non darse de baixa na matrícula do citado imposto

8º) Domicilio e notificacións

Tódolos licitadores deberán sinalar un domicilio para a práctica de notificacións. Esta circunstancia deberá ser complementada, no seu caso, indicando unha dirección de correo electrónico en un número de teléfono e Fax.

Os licitadores que contén cun número de **FAX** poderán ser notificadas a través deste medio, a cuxo efecto **deberán indicar expresamente que aceptan dito medio para a recepción das notificacións que deriven do procedemento.**

9º) Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia:

Os licitadores que estiveran inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, de 20 de setembro (D.O.G.nº 200 de 16 de outubro de 2001), están exentos de presentar a documentación que obre nos mesmos sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentarse acreditación da inscrición no correspondente rexistro actualizada á data de licitación.

- O SOBRE B) levará por título “Oferta que se presenta para tomar parte na adxudicación por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación do contrato de SERVIZO DE EXPLOTACIÓN DO BAR E XESTIÓN DO CENTRO SOCIO – CULTURAL DE CEBREIRO - A FRANQUEIRA – A CAÑIZA (PONTEVEDRA)-” e conterá a seguinte documentación:

- Oferta económica.- A proposición económica que presenta o licitador axustarase ó modelo que figura como Anexo II deste Prego.

13. MESA DE CONTRATACIÓN

A mesa de contratación, de acordo co establecido no punto 10 da disposición adicional segunda do Texto refundido da lei de contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, en relación co artigo 21.2 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, estará presidida por un membro da corporación ou un funcionario dela e

actuará como secretario un funcionario da corporación. Formará parte dela, **polo menos, catro vogais**, entre os que estará o secretario ou, se é o caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o interventor, así como aqueles outros que designe o órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ó servizo da corporación, ou membros electos dela.

A Mesa de Contratación estará integrada ou constituída do modo seguinte:

-PRESIDENTE, , Alcalde-Presidente, ou concelleiro en que delegue.

-VOGAIS:

- concelleiro da corporación.

- concelleiro da corporación.

- Interventora da Corporación.

- Secretario da Corporación.

SECRETARIO: funcionario da corporación.

De conformidade co indicado no artigo 21.4 do RD 817/2009, do 8 de maio, de desenvolvemento parcial da LCSP, a composición publicarase no perfil do contratante do Concello de Ponte Caldelas cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación xeral á que fai referencia ó artigo 146.1 de TRLCSP.

A mesa poderá constituírse validamente coa asistencia, polo menos, do Presidente, secretario e a metade dos seus membros. No desenvolvemento das súas funcións poderá pedir os informes e asesoramentos que estime convenientes.

14. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

O contrato adxudicarase ó licitador que faga a oferta máis adecuada a nivel económico. O criterio obxectivo que servirá de base para a adxudicación do contrato, será o que se sinala no presente apartado:

- 1 Canon anual a pagar ao Concello da Cañiza, ata 20 puntos (1 punto por cada 50 euros/ano de canon).
- 2 Importe da cobertura do seguro de RC durante a vixencia do contrato, ata 10 puntos (1 punto por cada 10.000,00 euros de cobertura a maiores por enriba dos 30.000,00 que se esixen como mínimo).

15. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS OFERTAS.

A mesa de contratación constituirase despois da finalización do prazo de presentación das proposicións, sendo fixada a data no momento do nomeamento dos seus membros; e esta procederá á apertura dos sobres "A" e cualificará a documentación administrativa contida neles.

Abertos os sobres A, a Mesa declarará admitidos inicialmente aos licitadores que teñan presentados correctamente a declaración responsable incluída como Anexo I, a salvo de que nun momento posterior se lles poda solicitar acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó procedemento, e de non reunilos excluírase da mesma.

Se a Mesa de contratación observase defectos ou omisións na declaración responsable que se inclúe no sobre A, ou do seu contido se puidera deducir que algún dos licitadores non reúnen os requisitos para ser admitido como licitador no presente documento, comunicarlle ós interesados por correo electrónico ou Fax esta circunstancia, concedéndolles un prazo non superior a tres días hábiles para que os corrixan ou emenden. O cómputo do citado prazo iniciarase no momento en que o licitador reciba a comunicación.

A continuación procederase, en acto público, á apertura do sobre B. Este acto desenvolverase de conformidade co establecido no artigo 83 do RGLCAP.

A Mesa procederá á valoración do sobre B. A estes efectos, poderá solicitar os informes técnicos que estime precisos. O resultado da valoración darase a coñecer no perfil do contratante.

Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

16. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

1. O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas (artigo 151.1 do TRLCSP) e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ao sinalado no artigo 152. Para realizar dita clasificación, atenderá ao criterio de adxudicación sinalado no prego ou no anuncio podendo solicitar para iso cántos informes técnicos estime pertinentes.

2. O órgano de contratación requirirá ó licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que tivera recibido o requirimento, **presente a documentación esixida na cláusula 12 deste prego** (non obstante o órgano de contratación poderá recadar en calquera momento anterior á adopción de proposta de adxudicación que os licitadores aporten a citada documentación), Así mesmo **esixirase a acreditación dos seguintes extremos:**

-Tratándose de persoas físicas deberá presentarse declaración de alta no epígrafe correspondente do IAE. No caso de persoas xurídicas, acercarse xunto coa declaración de alta, certificación ou recibo acreditativo do pago do imposto (IAE) correspondentes á actividade concreta sobre a que se oferta, ou no se defecto certificación na que se faga constar que a empresa non está obrigada ó pago do citado imposto.

-Póliza do seguro de Responsabilidade Civil por o importe ofertado na oferta económica (mínimo 30.000€)

Esta documentación será revisada pola Mesa de Contratación. De resultar correcta, a Mesa formulará proposta de adxudicación ó órgano de contratación.

No caso contrario, se o licitador non cumprimentase adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que retira a súa oferta, e procederase a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

3. O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. A adxudicación concretará e fixará os termos definitivos do contrato.

4. A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ó licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado conta a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimara a súa candidatura.
- b) Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitira a súa oferta.
- c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fora seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentan os restantes licitadores cuxas ofertas foran admitidas.

Será de aplicación á motivación da adxudicación a excepción de confidencialidade contida no artigo 153.

En todo caso, na notificación e no perfil do contratante se indicara o prazo en que debe procederse á súa formalización conforme ao artigo 156.3.

A notificación farase por calquera dos medios que permite deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse **por Fax ou correo electrónico** á dirección que os licitadores ou candidatos tiveran designado ó presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. Non obstante, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, será de cinco días.

17. RESPONSABLE DO CONTRATO.

O órgano de contratación poderá designar a un responsable do contrato en virtude do establecido no artigo 52 do TRLCSP.

18. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato formalizarase en documento administrativo, dentro do prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da notificación da adxudicación.

De non formalizarse o contrato no prazo indicado por causas imputables ao adxudicatario/a, a administración declarará resolto o contrato, sen prexuízo da esixencia da correspondente indemnización polos danos e prexuízos causado.

O Concello procederá a adxudicar o contrato, no seu caso, ó seguinte licitador proposto polo órgano de contratación.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública a petición de calquera das partes. Neste caso, os gastos de dita formalización serán por conta da parte que a solicitou. Unha copia da escritura do contrato unirase ó expediente.

19. EXECUCIÓN E RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA.

O contrato executarase con estrita suxeición ás cláusulas do mesmo, prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, e de acordo coas interpretacións que para a súa adxudicación dea a Administración ó contratista.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas.

20. OBRIGAS E DEBERES DO CONTRATISTA.

-Explotar o servizo unha vez adxudicado, poñendo para iso en funcionamento os locais e instalacións durante o prazo de duración do contrato, encargándose do correcto funcionamento dos mesmos cando se realicen actividades, cursos ou calquera outra actuación sociocultural.

-O servizo explotarase polo adxudicatario durante o prazo de duración do contrato, sendo da súa conta os gastos que orixine en xeral o seu funcionamento.

-Conservar as construcións e instalacións e equipamentos e mantelas en perfecto estado de funcionamento, limpeza e hixiene ata que, por conclusión da concesión, deban entregarse, con

todo o mobiliario e instalacións que sexan inherentes e necesarias a este, para a súa adecuada prestación.

-Deberanse manter perfectamente limpas as instalacións, correndo pola súa conta os gastos que ocasione.

admitir a toda persoa que cumpra os requisitos regulamentarios ao uso do servizo.

-Responder a terceiros dos danos que poidan irrogarse polo funcionamento do servizo concedido.

-Non allear, nin gravar, sen autorización do concello bens ou instalacións que deban reverter á corporación que concede, exercendo en todo caso por si a concesión, non podendo cedela, gravala, transmitila, subarrendala en todo ou en parte, nin aínda a título gratuito, sen a anuencia expresa da corporación.

-Pagar o correspondente canon establecido pola corporación, como contraprestación pola xestión e explotación do servizo de cafetería.

-Proverse de tódolos permisos e licenzas que sexan necesarios para o exercicio da actividade e a súas expensas.

-Contar con persoal suficiente segundo o criterio do propio adxudicatario. Todo o persoal que o concesionario contrate para a prestación dos servizos obxecto deste contrato terá dependencia laboral deste, sen que por ningunha causa, incluso a de despido, poida pasar dito persoal a dependencia do concello, non intervindo este, baixo ningunha forma, nas relacións laborais que poidan existir entre o concesionario e o seu persoal, salvo o disposto no presente prego.

-O contratista estará obrigado a afiliarse á Seguridade Social a todo o persoal ás súas ordes, na forma prevista polas leis e demais disposicións en vigor.

-O adxudicatario responsabilizase do aseo e decoro do persoal ao seu cargo que vaia a ter relación co público, de que actúe coa debida cortesía e corrección no seu trato con este.

-Cumprimento da lexislación sanitaria vixente en materia alimentaria, e en concreto o RD 2207/1995, de 28 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene relativas os produtos alimentarios, así como o RD 202/2000, de 11 de febreiro, polo que se establecen as normas de hixiene relativas ós manipuladores de alimentos.

-Aboar pola súa conta os tributos que graven a actividade así como os custos de Seguridade Social. O concesionario deberá darse de alta no réxime correspondente da Seguridade Social se non o estivera, así como no I.A.E., co epígrafe que o faculte para exercer a actividade.

-Dentro do local destinado á cafetería dispoñeranse nun lugar visible e de forma lexible tres cartóns indicativos da existencia de follas de reclamación. Do mesmo xeito, un detalle das tarifas deberá estar a vista do público de conformidade coas normas en vigor.

-As demais contempladas no RSCL e que non constasen expresamente nesta relación.

21. DEREITOS DO ADXUDICATARIO/A.

-Utilizar os bens de dominio público necesarios para a explotación do servizo.

-Revisar as tarifas cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles motivaran, en calquera sentido, a ruptura do equilibrio económico da concesión, coa limitación cuantitativa establecida legalmente.

-A posibilidade de facer reformas nas instalacións da cafetería por conta do concesionario pero previa autorización do Concello, e previa solicitude das licenzas oportunas. Estas reformas revertirán á fin do contrato en propiedade do Concello.

22. MODIFICACIÓN DEL CONTRATO.

As administracións poderán modificar o contrato por razóns de interese público e para atender as causas imprevistas, xustificando debidamente a súa necesidade no expediente. As modificacións non afectarán ás condicións esenciais do contrato.

As modificacións do contrato formalizaranse de conformidade co establecido no artigo 219 do TRLCSP.

En canto ó procedemento requirirá previa tramitación de expediente con audiencia ó contratista e aprobación polo órgano de contratación, podendo afectar como máximo ó 10% do prezo de adxudicación do contrato.

Téñase en conta que de conformidade co artigo 105 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, sen prexuízo dos supostos previstos na normativa para os casos de sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e prórroga do prazo de execución, os contratos do sector público **só poderán modificarse** cando así se previra **nos pregos ou no anuncio de licitación**, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do mesmo texto legal.

Nos demais supostos, se fora necesario que a prestación se executara de forma distinta á pactada, inicialmente deberá procederse á resolución do contrato en vigor e á celebración douto baixo as condicións pertinentes.

De conformidade coa normativa en vigor poderanse modificar os contratos:

1. Sempre que **nos pregos ou no anuncio de licitación se advertira expresamente** desta posibilidade e se detallara de forma clara, precisa e inequívoca as condicións en que poderán facerse uso da mesma, así como o alcance e límites das modificacións que poden acordarse coa expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo podan afectar, e o procedemento que deba de seguirse para iso.
2. **Se no se preveu nos pregos ou no anuncio de licitación**, só poderán efectuarse modificacións cando se xustifique a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:
 - Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.
 - Forza maior ou caso fortuíto que fixera imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.
 - Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se producira con posterioridade á adxudicación do contrato.

23. CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

No caso de que se produza o incumprimento de calquera das obrigas recollidas no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que conforman o contido da prestación a satisfacer provocará a resolución do contrato.

Esta resolución do contrato rexerese polo establecido con carácter xeral nos artigos 223 e 225 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, 308 e 309 desta mesma disposición legal.

De conformidade co establecido no artigo 225,3; no caso de que o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista, este deberá indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados. A indemnización farase efectiva, en primeiro termo, sobre a garantía que, no seu caso, fose constituída, sen prexuízo da subsistencia da responsabilidade do contratista no que se refire ó importe que exceda do da garantía incautada.

24. XURISDICCIÓN.

O presente contrato de servizos ten carácter administrativo, e ámbalas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos das administracións públicas (a TRLCSP e normas complementarias) e si é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o Regulamento xeral de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001 do 12 de outubro; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato resolveraos o órgano de Contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra eles terá lugar recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola lei reguladora de devandita xurisdición, despois da interposición previa, si é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados consideren procedente.

ANEXO I
SOBRE A.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

(Art. 146.4 Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, modificado pola Lei 14/2013 de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización)

Ante o órgano de contratación, don/a....., con DNI núm., natural de....., provincia de, maior de idade e con domicilio en, rúa/avda. teléfono, actuando en nome (propio ou da empresa a que represente), e na representación que ostenta segundo a escritura de apoderamento outorgada con data ante o notario don, co número do seu protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil de

DECLARO

1º) Que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración e coas condicións establecidas no Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación do **SERVIZO DE EXPLOTACIÓN DO BAR E XESTIÓN DO CENTRO SOCIO – CULTURAL DE CEBREIRO - A FRANQUEIRA – A CAÑIZA (PONTEVEDRA)-**

2º) Que como licitador, estou ao corrente coas miñas obrigacións coa Facenda Pública e coa Seguridade social, teño capacidade xurídica e de obrar, reúno os requisitos específicos de capacidade e solvencia esixidos no Prego de cláusulas administrativas para esta contratación, non atopándome incurso en ningunha das causas de incapacidade nin incompatibilidade para contratar co Concello de A Cañiza , e que no caso de que a miña oferta resulte a máis vantaxosa presentarei, previamente á adxudicación do contrato, os documentos que se sinalan no Prego.

3º).- Que coñezo e acepto cantos deberes se deriven dos pregos que rexen a presente contratación.

Lugar, data e firma do representante.

ANEXO II
SOBRE B: MODELO DE OFERTA.

D/D^a con dirección en, rúa, nº, teléfono....., co D.N.I. (ou pasaporte ou documento que o substitúa) nº; actuando en nome propio (ou en representación de, D.N.I. ou C.I.F. nº e con dirección en, nº, teléfono.....) informado o procedemento aberto para a adxudicación do contrato de **SERVIZO DE EXPLOTACIÓN DO BAR E XESTIÓN DO CENTRO SOCIO – CULTURAL DE CEBREIRO - A FRANQUEIRA – A CAÑIZA (PONTEVEDRA)-** tomo parte na licitación, e aos efectos procedentes manifesto e comprométome baixo xuramento:

1º) Que coñezo e acepto cantos deberes se deriven dos Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas.

2º) Que ofrezo:

-o seguinte canon en favor da administración €/mes máis o IVE por importe de €, total €/mes

3º) Que ofrezo como importe da cobertura do seguro de RC durante a vixencia do contrato, a cantidade de.....€ ata 10 puntos (1 punto por cada 10.000,00 euros de cobertura a maiores por enriba dos 30.000,00 que se esixen como mínimo).

Así mesmo, achegarei tódala documentación que se me requira polo Concello de acordo coas disposicións establecidas nos pregos.

..... de de 2016

O licitador (firmado e rubricado).

*Documento asinado electrónicamente (art. 19 da Lei 11/2007) por
MIGUEL A. DOMINGUEZ ALFONSO, Alcalde do Concello. A Cañiza.*

